

UD4. REVOLUCIÓN BURGUESAS E REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

UD 4.2. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

A Revolución Industrial é un proceso que comeza en Gran Bretaña, escenario no que coinciden varias circunstancias:

- O sistema parlamentario é estable, con gran influencia da burguesía.
- O crecemento da poboación supón o aumento da man de obra e o da demanda.
- Produce materias primas (ferro) e fontes de enerxía (carbón).
- Está conseguindo artellar unha rede de transportes por ríos e canles.
- Posúe un imperio colonial abastecedor de materias primas, man de obra barata, mercados.

Podemos distinguir varias revolucións que se dan ao mesmo tempo, de xeito que unhas inflúen nas outras: agrícola, demográfica, tecnolóxica, no transporte, no comercio, nas finanzas, con enormes cambios que chegan á actualidade.

1. A REVOLUCIÓN AGRARIA

Desde mediados do S.XVIII tiveron lugar, sobre todo en Inglaterra, uns cambios e innovacións técnicas e económicas que transformaron radicalmente o mundo agrario e a produción de manufacturas. Estes cambios estendéronse ao resto do mundo.

A revolución agraria é o conxunto de cambios e transformacións que deron lugar a un novo modelo agrario que substituíu ao do Antigo Réxime. Caracterizouse por:

- **Novos sistemas de cultivo**, destacando a **eliminación do barbeito** grazas á introdución da rotación cuatrienal sobre a mesma parcela na que se alternaban tubérculos e plantas forraxeiras con cereais. Era o **Sistema Norfolk**, que permitía aumentar a produción para a alimentación humana e a do gando, e favorecía a produción de carne e leite, e de fertilizante de esterco para mellorar a produtividade das terras.
- **Renovación técnica** constante coa mellora das ferramentas polo aumento do emprego do ferro, de novos arados e aparellos mecánicos para sementar, mallar e segar. A introdución da máquina de vapor como forza motriz foi substituíndo o esforzo humano e animal e reducindo a man de obra campesiña.
- **Especialización agraria e incremento dos rendementos**. A agricultura pasou de ser de autosuficiencia e de policultivo a comercial e especializada, con produción destinada a venderse no mercado. Os rendementos aumentaron grazas ás máquinas, aos novos sistemas de cultivo, ao emprego de fertilizantes, á selección de especies, á corrección e mellora do solo agrícola e á extensión do regadío. Este aumento da produción tivo como consecuencia o crecemento da gandería e da poboación, que contaba con máis alimentos.
- **Cambios do réxime de propiedade da terra**. Mediante novas leis, as grandes extensións de terras comunais convertéronse en propiedade privada individual. Elimináronse as cargas fiscais de orixe feudal

que pesaban sobre as terras propiedade de nobres e clero. En Inglaterra, as leis de cerramento privatizaron gran parte das terras comunais e pasaron a ser explotadas para obter beneficio individual. Os campesiños non propietarios transformáronse en xornaleiros suxeitos a un salario.

- **Cambio na mentalidade dos propietarios agrícolas** que converteron a terra nunha fonte de beneficios que serían reinvestidos na propia renovación agraria, na industria ou no comercio.

2. A PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

A Revolución Industrial é o conxunto de transformacións técnicas, económicas e sociais que tiveron lugar no sistema de produción de mercadorías desde mediados do S.XVIII. A máquina substitúe o traballo manual; a fábrica substitúe ao obradoiro; o artesán transfórmase en obreiro asalariado; a cidade e a industria dominan sobre o mundo rural. O conxunto destes cambios marcaron o inicio dunha nova época e as transformacións foron revolucionarias.

Orixe e características

En Inglaterra a mediados do S.XVIII producíronse os primeiros síntomas de cambio. Na primeira Revolución Industrial púxose en marcha o proceso de industrialización e dura ata 1860/70. A influencia espallouse desde Inglaterra en ondas ata Bélxica, Val do Rin, Silesia. As características básicas son:

- Invención de máquinas cada vez máis especializadas nunha función, e mecanización das tarefas produtivas.
- Emprego da enerxía do vapor como forza motriz grazas á invención da máquina de vapor (James Watt, 1769), e o emprego do carbón como fonte de enerxía.
- Construción de fábricas, unidades de produción formadas por unha ou varias instalacións dotadas de máquinas nas que se concentran traballadores asalariados. Os obreiros realizan tarefas especializadas baixo o control dunha dirección centralizada que aplica unha rixida disciplina. É o **sistema fabril** (*factory system*) que substituirá ao obradoiro artesanal (gremios) e ao sistema a domicilio (*domestic system*).
- Forte desenvolvemento da industria téxtil, da siderometalúrxica e do ferrocarril.

Sectores punteiros

Son os que primeiro se mecanizaron e que actuaron como motor doutros sectores:

- **Industria téxtil** do algodón. Foi o primeiro sector que se mecanizou e se transformou en industrial. No Antigo Réxime a produción téxtil facíase a partir de la e liño, pero ao aumentar desde o S.XVIII a demanda de tecidos de algodón estampados de procedencia oriental, moitos obradoiros de Inglaterra comezaron a fiar e tecer algodón que traían das colonias. Ao mesmo tempo introducíronse innovacións técnicas (máquina de fiar, lanzadeira voante, tear mecánico) para aumentar a produción. O algodón foi desprazando a la e os obradoiros foron substituídos por fábricas nas que se instalaban as máquinas atendidas por man de obra asalariada.
- **Minaría.** A produción de carbón inglés foi fundamental como fonte de enerxía para a máquina de vapor e a siderurxia. O **coque** (hulla requentada inventada por Darby, 1709) será fundamental polo seu poder calorífico. O ferro inglés foi a base da siderurxia, e mellorou a súa calidade con diferentes procedementos.

Entorno ás minas concentrouse a poboación, dando lugar a cidades que pronto se converteron en “paisaxes negras” pola contaminación.

- **Industria siderometalúrxica.** O desenvolvemento deste sector prodúcese pola crecente demanda de ferro para as novas ferramentas e máquinas. No Antigo Réxime a produción de ferro era escasa e baseábase na fundición do mineral. As innovacións permitiron empregar o carbón como fonte calorífica para fundir mellor, e en maiores cantidades o ferro nos altos fornos e transformalo nos talleres mecánicos. Prodúciáanse ferramentas e máquinas para outras industrias, para a agricultura e para a vida cotiá.
- **O ferrocarril.** O aumento da produción agraria, mineira e industrial fixo necesario mellorar o xeito de transportala. A aplicación da máquina de vapor no arrastre de vagóns culminou coa invención de Stephenson: a locomotora e o ferrocarril. En 1825 circulou en Inglaterra o primeiro tren de mercadorías (Stockton-Darlington), e en 1830 o primeiro de pasaxeiros (Manchester-Liverpool). A súa construción e desenvolvemento permitiu o artellamento dos mercados, así como a redución do tempo nas comunicacións. O ferrocarril converteuse en símbolo do progreso.

3. A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

Desde mediados do S.XVIII fálase do comezo da **transición demográfica**, o paso do *réxime demográfico antigo* (altas taxas de natalidade e mortalidade, mortes catastróficas, a poboación apenas crece) ao *réxime demográfico moderno* (baixas taxas de natalidade e mortalidade, escaso crecemento ou crecemento negativo).

Co aumento da produción de alimentos, a poboación está mellor alimentada e máis protexida contra as enfermidades, co que baixa a mortalidade. A natalidade mantense alta por un tempo, o que dá lugar a un crecemento vexetativo alto. Desaparece a mortalidade catastrófica por fames e pestes e mellora a medicina e a hixiene, o que tamén contribuirá á supervivencia ante enfermidades e ao aumento da esperanza de vida.

O crecemento demográfico no mundo rural nunha época onde se producen os cambios na propiedade da terra e a mecanización vai dar lugar a que sobre moita man de obra. A saída será a emigración (**éxodo rural**) cara ás cidades onde están medrando as fábricas. A cantidade de xente disposta a traballar vai favorecer a baixada de salarios e abusos dos empresarios nesas fábricas. A necesidade de vivenda vai facer que medren barrios próximos ás fábricas onde os traballadores viven amoreados en malas condicións hixiénicas e sen apenas servizos mínimos. En contraste, constrúense barrios burgueses nos ensanches das cidades, con planificación urbana, servizos e infraestruturas.

4. O CAPITALISMO E A SOCIEDADE DE CLASES

As transformacións económicas, sociais e políticas de finais do S.XVIII e inicios do XIX orixinaron un novo sistema económico –capitalismo– e un novo modelo de sociedade –sociedade de clases– que modificou en profundidade a sociedade estamental característica do Antigo Réxime.

O capitalismo

É o sistema económico xurdido en Europa occidental a finais do XVIII, resultado do desenvolvemento da Revolución Industrial e do establecemento dos sistemas políticos e xurídicos liberais. O primeiro teórico foi

Adam Smith. Ao longo do tempo sufriu diversas transformacións, pero perdura ata a actualidade e é a base da economía mundial. Presenta os seguintes trazos básicos:

- O **capital** (terras, fábricas, diñeiro, máquinas, mercadorías, materias primas) é o factor básico e necesario para o investimento continuo, o aumento da produción de bens materiais e a obtención de beneficios.
- A **liberdade económica** debe ser total, sen trabas nin intervención do Estado: liberdade de prezos, de salarios, de mercado, de empresa. O mercado regularase pola lei da oferta e da demanda: todos os produtos, a súa produción e os seus prezos estarán condicionados pola demanda e a oferta.
- A **propiedade privada** dos medios de produción e dos bens producidos estará garantida pola lei.
- Man de obra formada por **traballadores asalariados**. O traballo considérase unha mercadoría máis suxeita á lei da oferta e a demanda: os obreiros venden a súa forza de traballo a cambio dun salario, e o seu prezo varía segundo as circunstancias.
- A **división de tarefas** no traballo permite aumentar a produción, dado que os obreiros se especializan nunha determinada función, superando o traballo do artesán que realizaba a totalidade do produto.
- Conseguir o **máximo beneficio** é o principal factor que estimula as actividades económicas.
- A **riqueza individual** é o criterio de organización social. O lugar que cada individuo ocupa na sociedade depende da súa riqueza, de xeito que se premia o esforzo persoal e o éxito nos negocios para poder ascender na escala social.
- **Desigualdade, dependencia e explotación** dos que non posúen bens ou medios de produción e teñen que estar sometidos aos empresarios capitalistas.
- As actividades económicas sofren **flutuacións e crises cíclicas**, con períodos de crecemento lento (recesión) ou negativos (depresión), que se intercalan con outros de crecemento rápido (expansión). Pódense producir crises graves que provocan peche de fábricas e negocios, desemprego e caída dos beneficios.

Sociedade de clases

A revolución liberal eliminou os criterios de organización social característicos do Antigo Réxime baseados nos privilexios herdados. A nova sociedade da época liberal e industrial organizouse en clases sociais, grupos diferenciados pola súa riqueza. Entre as características desta nova sociedade destacan:

- A **igualdade xurídica** de todos os individuos.
- A riqueza como criterio de diferenciación social, que dá lugar ás **clases sociais**.
- A **desigualdade económica** orixinada pola acumulación de riqueza e bens de produción. Esta desigualdade orixina grandes diferenzas sociais entre unha minoría que acumula grandes riquezas e unha maioría que vive unicamente do salario que cobra polo seu traballo.
- O **dinamismo social**, con posibilidades de ascenso e descenso na escala social, como resultado da capacidade e o talento individual para conseguir fortuna ou perdela.
- O protagonismo de novos grupos –**burguesía e proletariado**–, mentres que os privilexiados do Antigo Réxime –nobreza e clero– perden influencia e poder.

A burguesía, clase dominante

A burguesía foi a principal impulsora dos cambios políticos e económicos relacionados coa revolución liberal e industrial. Foi a máis beneficiada deses cambios, converténdose no grupo dominante:

- **Dominio económico.** A burguesía acumulaba a maior parte do capital procedente da industria, da agricultura, do comercio, das finanzas, capitais que investía para seguir obtendo beneficios. Controlaba o mercado e as redes de distribución de produtos, obtendo tamén beneficios das transaccións comerciais. Establece os prezos de mercado, incluído o traballo dos asalariados que traballaban para ela.
- **Dominio político-ideolóxico.** A lexislación liberal favorecía os intereses da burguesía: control do Estado, dereito restrinxido de voto e de participación política (sufraxio censitario), liberdade de mercado, protección da propiedade privada. A súa riqueza e control da cultura permitíalle impor a súa mentalidade e gustos burgueses a toda a sociedade.

Porén, a burguesía non era un grupo compacto, diferenciándose entre a alta ou gran burguesía (grandes industriais, comerciantes e banqueiros) e a baixa ou pequena (propietarios de pequenos negocios e profesionais liberais).

O nacemento do proletariado

Como consecuencia da industrialización e das reformas agrarias, xurdiu unha nova clase social: o proletariado. Eran os traballadores das fábricas e os xornaleiros do campo que, para poder vivir, vendían a súa forza de traballo a cambio dun salario.

Gran parte do proletariado ten a súa orixe nas masas campesiñas que, como consecuencia da mecanización do campo, dos cambios na propiedade da terra e do crecemento demográfico, emigraban cara ás cidades para traballar nas novas industrias. Esta abundante man de obra quedaba a expensas dos intereses burgueses, que impuxeron duras condicións aos traballadores para poder obter os máximos beneficios do seu traballo. Esta situación enténdese porque:

- **Non existía lexislación laboral** e o Estado, segundo o principio de non intervención en asuntos económicos, deixaba en mans de patróns e obreiros o referente a relacións laborais.
- **A man de obra era moi abundante**, o que permitía aos patróns establecer as súas condicións, colocando ao proletariado nunha clara situación de inferioridade.
- As **xornadas de traballo** eran moi longas. Era habitual a xornada de 12 horas e podía chegar a 15.
- Os **salarios** eran tan escasos que obrigaban a traballar a todos os membros da familia. O traballo de mulleres e nenos era penoso, recibindo sempre menor salario que os homes.
- As condicións de traballo da fábrica ou da mina eran mínimas en cuestión de hixiene e seguridade, provocando graves problemas de saúde aos traballadores.
- Os códigos de disciplina eran moi ríxidos e severos, sendo frecuentes as multas.

As duras condicións de vida e de traballo do proletariado provocaron o nacemento dunha **conciencia de clase** marxinalizada polo sistema. Esta toma de conciencia orixinará un movemento de reivindicación de melloras e cambios que afectará a todos os países industrializados, o **movemento obreiro**, que levará á formación de **sindicatos**, asociacións de traballadores para loitar polos seus dereitos.